



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón (A Coruña)

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

ANUNCIO PARA DAR PUBLICIDADE Á RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL NOMEADO POLO DECRETO 450/2017 DE 22 DE XUÑO PARA CUALIFICAR AS PROBAS DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DE DOUS POSTOS DE TRABALLO DE TRACTORISTAS E TRES POSTOS DE TRABALLO DE PEÓNS DO CONCELLO DE PADRÓN, DE ALEGACIÓNS DUN ASPIRANTE.

En sesión que tivo lugar o 27 de xullo de 2017 ás 10:30 horas, o Tribunal nomeado polo Decreto 450/2017 de 22 de xuño para cualificar as probas do proceso selectivo convocado para a provisión temporal de dous postos de traballo de tractoristas e tres postos de traballo de peóns do Concello de Padrón, en réxime de dereito laboral temporal,

ACORDOU,

“Vista a alegación presentada por D. Antonio Doval Lorenzo na que solicita a revisión dos seus méritos alegando que a súa puntuación para a selección de tractorista é cero (0) cando el traballou no Concello co tractor.

Visto que segundo o disposto na base 9.5B) a forma de acreditar os méritos alegados dos servizos como persoal laboral é o informe de vida laboral e o contrato de traballo, presentando ambos en orixinal ou copia compulsada.

Visto que o aspirante presentou tan só o informe de vida laboral e non presentou ningún orixinal ou copia compulsada de ningún contrato para valorar no concurso.

É polo que o tribunal por unanimidade dos membros presentes, acorda:

Primeiro. Desestimar a alegación presentada por D. Antonio Doval Lorenzo contra a valoración de méritos realizada polo Tribunal.

Segundo. Facer público o presente acordo”.

Padrón, a 27 de xullo de 2017

A Secretaria



Teresa Carrera Babarro